

CURSO
2024-2028

PLAN DE CONVIVENCIA

CEE PONTEVEDRA

O presente documento PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR do CEE PONTEVEDRA foi informado no Claustro do 29 de Xuño de 2023, dando conta ao Consello Escolar do centro para a súa avaliación, na mesma data. Posteriormente é actualizado en xaneiro de 2024 xunto co NOFC en claustro do 22/01/2024 e consello do 30/01/2024. Terá unha validez de catro anos e revisarse anualmente na PXA.

ÍNDICE DO PLAN DE CONVIVENCIA

<u>1</u>	INTRODUCCIÓN	<u>4</u>
<u>2</u>	BIBLIOGRAFÍA E LEXISLACIÓN	<u>4</u>
<u>3</u>	OBXECTIVOS XERAIS	<u>6</u>
<u>4</u>	ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO NOSO CENTRO	<u>7</u>
<u>5</u>	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	<u>9</u>
<u>6</u>	ACTUACIÓN, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA	<u>10</u>
	6.1 Organización e funcionamento a través dos documentos de centro	<u>10</u>
	6.2 Actuacións que garantan a participación e a formación.	<u>11</u>
	6.3 Actuacións de prevención, detección e intervención.	<u>12</u>
	6.4. Introducción da figura do coordinador/ora do benestar e convivencia na centro.	<u>16</u>
	6.5 Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.	<u>18</u>
	6.6 Outras medidas.	
<u>7</u>	NORMAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO. Deberes e obrigas.	<u>19</u>
	7.1 Sistemas de análise da convivencia.	<u>22</u>
	7.2 Normas de convivencia (ver NOF)	<u>23</u>
	7.3 Condutas contrarias á convivencia e medidas correctoras	<u>23</u>
	7.4 Procedemento para a imposición de medidas correctoras	<u>27</u>
	7.4.1 Gradación das medidas correctoras	
	7.4.2 Procedemento corrector das condutas graves	
	a) Disposicións xerais	
	b) Procedemento conciliado	
	c) Procedemento común	
	d) Terminación do procedemento	
	e) Compromisos educativos para a convivencia	
	7.5 Axentes responsables da convivencia escolar	<u>31</u>
<u>8</u>	A COMISIÓN DE CONVIVENCIA	<u>31</u>
	8.1 Constitución	<u>31</u>

	8.2 Funcións	<u>32</u>
	8.3 Organización	<u>33</u>
<u>9</u>	RECURSOS PARA A XESTIÓN DE CONFLITOS.	<u>33</u>
	9.1 Obradoiros de convivencia	<u>33</u>
	9.2 Aula de Relaxación	<u>34</u>
	9.3 Aula de convivencia	<u>34</u>
	9.4 Vixiante de control	<u>34</u>
	9.5 Outros recursos (Programa HHSS, AMPA, Escola Pais/Nais, Actividades Sensibilización)	<u>35</u>
<u>10</u>	MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO	<u>36</u>
<u>11</u>	DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	<u>38</u>
Disposición Final		
	ANEXOS	<u>39</u>
	I. RETOS ESTRATÉXICOS E EIXES DE TRABALLO.	<u>40</u>
	II. SOCIOGRAMA	<u>43</u>
	III. ENQUISAS AVALIACIÓN CONVIVENCIA	<u>44</u>
	IV. RELACIÓN DE PROTOCOLOS E OUTROS.	<u>48</u>
	V. PROCEDEMENTO CORRECTOR. MODELOS	<u>49</u>
	VI. Outros referentes: Plan hábitos saudables, Plan Igualdade e programa de HHSS (resumo breve, ver plans e na PXA)	<u>55</u>

1.- INTRODUCCIÓN

O plan de convivencia do centro, segundo a sección 1ª do capítulo II do Decreto 8/2015, é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica. Este documento define o modelo de convivencia que queremos, os obxectivos para acadalo e as normas que o regulan; e un proxecto de reflexión e pensamento.

O novo **Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, contempla que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias. Para conseguir este obxectivo é necesaria a implicación de todos os membros da comunidade educativa -nais e pais, profesorado, persoal de administración e de servizos e alumnado-, así como da propia Administración educativa.

O devandito plan integrará o principio de igualdade e establecerá, sobre a **base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras**. O plan de convivencia será elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro.

As normas de organización e funcionamento do centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

2.- BIBLIOGRAFÍA E LEXISLACIÓN

- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- A Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. No capítulo III recolle un apartado específico sobre medidas de actuación relacionadas co traballo de sensibilización, prevención e intervención dende o ámbito educativo. Na súa versión consolidada, engádese como foco de atención de interese os cibberdelitos relacionados coa violencia de xénero.
- Circular 8/2009 da D.X. de Educación, FP e Innovación Educativa, que regula algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de secundaria.
- Circular 10/2010 da D.X. de Educación, FP e Innovación Educativa pola que se ditan as instrucións para coordinar as actuacións dos servizos de orientación.
- A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (ver punto anterior).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes. Destaca o impulso desta atención dende unha perspectiva de convivencia positiva.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Reforzou o tratamento da diversidade afectivo-sexual e de identidade de xénero no ámbito educativo.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto e de solidariedade mutua. Créase o Consello para a Convivencia Escolar de Galicia, como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar, e responsable de impulsar a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

- A Resolución 03/07/2018, da DXFP e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais.
- Instrución 6/09/2019, da DXFP e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes. Supuxo un impulso decisivo para a incorporación da coeducación como elemento transversal ao traballo dos centros.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, que regula a atención á diversidade. Desenvolve polo miúdo os principios de convivencia e inclusión.
- Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025
- PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN e outros.
- Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (Capítulo IV do título III ao ámbito educativo).

Materiais didácticos:

- UNICEF (2022). Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades. Un estudio comprensivo e inclusivo hacia el uso responsable de las TRIC. Ed. UNICEF. ISBN: 978-84-124058-2-8.
- Vega Osés, M.A. (2017). Convivencia escolar: dimensiones, programas e evaluación. [Tesis Doctoral Inédita]
- Xunta de Galicia (2015). Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Ed. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Xunta de Galicia (2021). Benestar Emocional. Proposta de Intervención. <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/33281>.
-

3.- OBXECTIVOS XERAIS A ACADAR CO PLAN.

Segundo o artigo 12 do Decreto 8/2015, faremos nosos estes obxectivos:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
- c) Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permita mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación na resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír á adquisición das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Segundo a **Orde do 23 de agosto de 2023**, establécese a introdución da figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia no centro. (Ampliáse no apartado 6.4)

4.- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA.

As características do noso centro están amplamente detalladas no Proxecto Educativo e na concreción anual da PXA, mais engadimos unha análise contextual das relacións interpersoais, reflexo do clima afectivo-social e de convivencia que hai no centro.

Relación alumno/a-mestre/persoal non docente:

A convivencia é bastante boa. O alumno ve no profesor unha persoa á que debe respectar e atender en todas as súas decisións. Trátase dunha autoridade positiva que propicia modelos de actuación e valores democráticos, reflexivos e tolerantes. Os alumnos/as máis pequenos manteñen tamén unha relación de dependencia, especialmente quen ten dificultades para empatizar e ven no seu profesor a figura que reorganiza o seu mundo. Os alumnos máis maiores establecen cos seus mestres relacións de confianza, de modelo, ás veces de a nai/pai que lles falta. A situación repítese para con o persoal non docente.

As situacións negativas máis frecuentes son desobediencia, a mentira, os desafíos, escasamente algún improprio verbal e negatividade de acción.

Relación entre os alumnos/as.

Destacaríamos catro grupos:

- ✓ Os alumnos/as que buscan comunicarse, intercambiar experiencias, compartir xogos e intereses e que teñen estratexias para facelo, comezando por unha boa fala e/ou ben outros códigos de comunicación funcionais. Establecen relacións baseadas no compartimento de intereses, tamén de protección e titorización.
- ✓ Logo teríamos outro grupo de alumnos/as que polas súas dificultades pragmáticas, non saben como levar a cabo a interacción, ben porque as súas habilidades de empatía son escasas, cústalles comprender o que pasa ao seu redor e a linguaxe non é clara, directa e concisa tampouco lles facilita ese coñecemento equilibrado. As relacións cos seus compañeiros son moi limitadas tanto en frecuencia como en riqueza interaccional: son relacións moi formais na estrutura.

- ✓ Rapaces que teñen condutas desafiante negativas, que non obedecen a ningún déficit concreto; adoitan ser persoas con escasa estimulación familiar, na que falta a figura de autoridade dentro da familia, son rapaces con importantes frustracións, desapegados dos grupos clase nos que estiveron na ordinaria, desinteresados e apáticos por todo, con trazos de baixa autoestima e autoconcepto e faltos de modelos e estratexias de relación. Hai algunhas situacións de agresividade, puntuais, de descarga violenta do alumno/a. Pequenas crises de rabia contida, reaccións esaxeradas e raros intentos de fugas, evasión. Normalmente, pasada a perrencha o/a alumno/a reacciona con cordura e é posible dialogar con el. As relacións que establecen cos seus compañeiros son irregulares, con altibaixos.
- ✓ Habería un escaso cuarto grupo de alumnos/as, con problemas de conduta síntomas dun trastorno de conduta superior (esquizofrenia, trazos psicóticos). A súa interaccións necesitan estar moi vixiadas polo mestre.

Resumindo os problemas de conduta son comórbidos a:

- Discapacidade intelectual.
- Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento.
- Trastornos por Déficit de Atención e Comportamento Perturbador (TDAH, Trastorno Disocial, Trastorno Negativista Desafiante).
- Trastornos da nenez (Trastorno de Vínculo Reactivo, Mutismo, Ansiedade...)
- Trastorno de Estado de Ánimo (Depresión).
- Trastorno Esquizofrénico e Psicótico.
- e Síndromes varios (Síndrome de Smith-Magensis, Síndrome **Facio-Cardio-Cutáneo**...)
- Outros.

A acción titorial

Desenvólvese no día a día, en distintos espazos do centro e en diferentes actividades baixa a tutela directa dos mestres titores que se preocupan de cubrir todas as necesidades educativas e socioemocionais dos seus alumnos/as. Coaxudan na dirección, os mestres especialistas e o orientador do centro.

A relación coas familias

A implicación das familias na educación dos seus fillos/as é moi variable, pero dende un punto de vista global, é máis ben escasa, por circunstancia persoais. Algunha destas familias están desestruturadas ou ben non son capaces de sobrelevar as necesidades dos seus fillos/as. Unhas poucas si manteñen unha relación constante co centro, sendo preciso desenvolver charlas para orientalas.

As relacións entre o persoal do centro: docentes e non docentes.

As relacións que se establezan son de organización e cooperación no desenvolvemento das actividades docentes. A comunicación é fluída e positiva, adoitando os acordos dun xeito consensuado.

5.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O noso obxectivo xeral é garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e a participación de todos os membros da comunidade educativa.

- Xestionar as accións precisas e que afecten a todos os sectores da comunidade educativa do centro para educar na convivencia, no respecto, na tolerancia, na igualdade e na solidariedade.
- Acadar a implicación tanto dos alumnos/as como do persoal docente como non docente e a participación das familias, titores legais e axentes externos nas accións de convivencia.
- Impulsar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan a construción de comunidades educadoras.
- Fomentar unha educación rica en valores dentro dos contidos curriculares que fomenten a convivencia máis alá do centro.
- Mellorar as relacións afectivo-emocionais que se establezan.
- Desenvolver medidas de prevención, tratamento, seguimento, xestión e resolución de situacións conflitivas que alteren a convivencia.
- Contribuír especialmente a adquisición da competencia social e cívica e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

- Determinar a tipoloxía dos conflitos, a súa gravidade, medidas correctivas e atenuantes.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- Favorecer a coordinación dos titores e o DO na posta en marcha das medidas de accións titoriais encamiñadas a mellorar a convivencia.
- Elaborar a concreción anual do PLAN DE CONVIVENCIA.
- Manter informados aos membros da comunidade educativa dos cambios que se produzan no Plan de Convivencia.

Para este curso 23-24 os obxectivos específicos parten das propostas de mellora do remate do curso anterior, entre as que destacamos:

- Facilitar que nas aulas se desenvolva tempo para a intelixencia emocional segundo os obxectivos do plan de convivencia.
- Continuar co obradoiro de convivencia para o alumnado dos PF.
- Retomar o traballo das emocións mensuais a nivel de centro e aula.
- Levar cada titor, un rexistro de incidencias diario, co fin de reflectir a conduta disruptiva e coñecer a súa causa e facer as medidas preventivas pertinentes.
- Seguir realizando actividades intergrupais
- Retomar a figura do delegado de aula.
- Formación permanente do profesorado en temas de convivencia escolar.
- Divulgar actividades de convivencia na páxina web do centro.
- Participar en programas de voluntariado social.
- Continuar cos proxectos das competencias cívicas e sociais (Teatro e Radio).
- Desenvolver unha adaptación do programa TEI.

- Realizar III convivencia intercentros.
- Charlas formativas do PLAN DIRECTOR.
- Continuar coas actividades de autonomía e consumo responsable coa colaboración do PF Servzos de Restauración.

6.- ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA

É importante un clima de comprensión e colaboración que permita o diálogo, a participación e o respecto mutuo. Ademais é preciso explicitar protocolos de resolución mediante estratexias de negociación levadas a fin polo **coordinador de benestar e convivencia**. Segundo a conduta conflitiva e dado que estas non son exclusivas dos alumnos/as, poderán exercer o rol de mediador, o alumno, o mestre/titor, o xefe do departamento de orientación e/ou dirección e o pai/nai.

6.1-ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO A TRAVÉS DOS DOCUMENTOS DE CENTRO

O PE recolle nos documentos que o conforman os principios e as medidas xerais de organización e funcionamento, elaboradas de xeito consensuado pola comunidade educativa. Estas medidas coñecidas por todos van a favorecer a convivencia e quedan recollidas nos diferentes plans, que se complementan entre eles e facilitan a convivencia como son o PAT, o POA e o NOF.

No NOF, instrumento que regula diversos aspectos que inciden directamente sobre a convivencia no centro, quedan definidos nos apartados de normas xerais de funcionamento e normas de convivencia os :

- Órganos de Goberno e funcións.
- Órganos de Coordinación docente e funcións.
- Persoal non docente e funcións.
- Organización dos recursos materiais.

- Distribución de espazos e usos.
- Asistencia médica e plan de autoprotección do centro
- Servizos complementarios: comedor e transporte.
- Entradas e saídas.
- Cambios de clase.
- Desprazamentos polo centro
- Recreos.
- Faltas de asistencia (Plan de Absentismo)
- Normas de hixiene e saúde
- Protocolo ou Plan de Acollida.

6.2- ACTUACIÓNS QUE GARANTAN A PARTICIPACIÓN E A FORMACIÓN.

Actuacións coas familias

Dende o noso centro promovemos a participación das familias, **asesorándoas** e informándoas de aquilo que precisen e demanden, incidindo no noso caso na promoción da autonomía e todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe. Entre estas actuacións destacan a **información** as familias ao comezo do curso sobre a vida do centro, establecer un horario semanal para as **titorías** e facilitar a participación e asesoralas sobre o seu papel no proceso de desenvolvemento dos seus fillos e fillas.

Actuacións co profesorado

Resalta neste apartado o **PFPP** do centro, onde se inclúen actividades formativas relacionadas coa convivencia como cursos de educación emocional, resolución de conflitos, arteterapia, contención, ciberacoso, etc. Dende o centro tamén se promove a participación na elaboración e revisión dos **documentos de centro**, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións. Revisión das estratexias e procedementos de información e participación empregados no centro para mellorar as estruturas e as **canles de participación**. Impulsar o emprego de estratexias de tratamento e resolución de conflitos como a mediación.

Actuacións co alumnado

Promoción de **encontros e obradoiros** para toda a comunidade educativa, co obxectivo de construír unha convivencia positiva. No centro deséñanse actividades e

Plan de Convivencia

formas de organización que posibiliten a participación do alumnado. Destacan actuacións como a promoción de encontros nas **datas conmemorativas**; a realización de obradoiros por niveis e as saídas escolares. Ensinar a dialogar como un medio para confrontar ideas, defender os puntos de vistas, fomentando sempre as actitudes básicas como a escoita, a comprensión, respecto e a calma para facer do diálogo unha estratexia habitual nas situación da vida do centro. Incluír na **metodoloxía** actividades en parella e pequenos grupos, fomentando así a valoración persoal de cada alumno e alumna. Educar en sentimentos, actitudes e valores, ensinando a:

- Expresar adecuadamente as emocións, recoñecer as dos demais e asumir actitudes de respecto cara ás emocións dos demais.
- Desenvolver a empatía, poñéndose no lugar dos outros.
- Coñecer as consecuencias emocionais que poden ter as formas de relacionarse cos compañeiros e compañeiras.
- Ser asertivos superando a timidez e a inseguridade.
- Identificar as situacións de violencia/abuso.
- Rexeitar adecuadamente os violentos e abusadores e a non valorar estes modelos de comportamento.

6.3- ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN

No noso centro empregaremos a cultura da mediación como instrumento principal na resolución de conflitos interpersoais e concretarase nas actuacións que hai que realizar en cada fase da súa evolución.

As normas de convivencia e a prevención de situacións conflitivas son as medidas habituais do centro.

Por outro lado, tamén o tratamento inicial dos problemas evita que despois se deriven deles outros máis importantes, froito da propia evolución do conflito.

Nós iniciamos esta prevención cunha organización flexible e consensuada tanto nos agrupamentos como na distribución de tarefas, cunha metodoloxía cooperativa, participativa e fundamentalmente activa de todos os membros da comunidade educativa, tendo en conta ademais que nos nosos contidos curriculares se priorizan aqueles que favorecen a competencia en autonomía persoal e social.

A regulación da convivencia basearase nos seguintes **PRINCIPIOS**:

- **Principio de colaboración**. Nas solucións buscarase sempre que todas as partes do conflito se sintan ganadoras (eu gaño, ti gañas).
- **Principio de reconciliación**. As solucións incluírán sempre medidas que faciliten a mellora das relacións deterioradas entre as partes do conflito.
- **Principio de reconstrución**. As solucións incluírán medidas a fin de reparar o dano causado.
- **Principio de prevención**. No análise terase en conta se existen medidas organizativas e xerais que sirvan para diminuír a aparición dos conflitos que non cheguen a unha fase de confrontación grave.
- **Principio de participación**. Na solución fomentárase a participación de todas as partes.
- **Principio de resolución**. Comprobarase periodicamente que o conflito está resolto.
- **Principio de respecto** dos dereitos de tódolos membros da comunidade educativa. As solucións desenvolveranse no marco do respecto aos dereitos de todos.

A) FASE PREVENTIVA:

- Informando do recollido no NOF tanto aos alumnos como ás familias.
- Pautar normas de convivencia na aula dun xeito consensuado polo grupo.
- Programacións de niveis e de aula que contemplan unha metodoloxía cooperativa, traballo por competencias e da autonomía e autoxestión, programa de puntos na aula con reforzos positivos.
- Comunicación coas familias e titores legais, así como cos titores centros dos alumnos que están en escolarización combinada, para facilitar o tránsito e a cooperación.
- Traballar a autoxestión das emocións mediante a posta en marcha dun programa de habilidades sociais deseñado polo DO.
- O emprego de técnicas de modelado e moldeamento da conduta ofrecendo patróns exemplares a imitar.
- Infundir nos alumnos **VALORES** que favorezan a convivencia:

1) Descartar a violencia como instrumento para solucionar os problemas.

- 2) Aceptar os conflitos como parte natural da vida e entender que nin son positivos ni negativos.
- 3) Considerar que todas as persoas somos diferentes e valiosas para os demais.
- 4) As sancións non son a mellor solución: é preferible mostrarse responsable ante las propias accións e reparar voluntariamente las posibles consecuencias negativas dos nosos actos con outras positivas mediante un consenso.
- 5) Ser solidarios cando un compañeiro/a ten algún problema e o pasa mal.
- 6) Actuamos preventivamente, antes de que un pequeno conflito se converta nun meirande, porque os conflitos que non se resoven positivamente complícanse co tempo.
- 7) Cremos que nun conflito todo el mundo pode saír gañando.
- 8) Pensamos que hai moitas formas de loitar contra as inxustizas: a mediación é unha delas.
- 9) Por iso, aprendemos estratexias de xestión positiva de conflitos e nos poñemos ao servizo de calquera persoa do centro que nos necesite. Non xulgamos, non damos solucións, mantemos a confidencialidade e velamos para que os acordos sexan equitativos.
- 10) A mediación é unha oportunidade de defender os propios intereses dialogando. Basease na comunicación e o respecto mutuo.

B) FASE DE CONFRONTACIÓN:

Temos que ter en conta que o noso alumnado presenta características particulares derivadas das súas necesidades e que interfíren na conduta, polo tanto non nos vai servir unha pauta para todos, xa que a mediación vai depender da capacidade de razoamento, do nivel de impulsividade, do axuste da medicación, dos patróns de conduta referenciais no contorno socio-familiar....

Teremos en conta na mediación a gravidade da conduta e do lugar no que se produza e a reparación inmediata da mesma sempre que sexa posible.

- Agresións físicas ás persoas ou ás súas cousas.
- Agresións verbais, insultos, malas contestacións, ataque a puntos débiles, comentarios racistas, etc.

- Agresións sociais, descualificacións, humillación, exclusión, illamentos, etc.
- Agresións indirectas: cando se induce a agredir a un terceiro, etc.

Para a xestión da crise seguiremos o seguinte **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:**

1º) Deter a conduta agresiva mediante MEDIACIÓN INFORMALIS, freando a confrontación e dando un tempo para calmarse buscando o diálogo entre as partes implicadas para chegar a unha solución inmediata do conflito.

Intervirá como mediador a persoa adulta que se atope con eles nese momento, titor, coidador, especialista....

Se a situación queda solucionada, comunicarase ao titor para facilitar a observación posterior e previr posibles reincidencias, sen embargo se a conduta require máis atención pasamos ao seguinte apartado:

2º) PROCESO DE MEDIACION CO TITOR :

As aulas terán previsto un ESPAZO DE REFLEXIÓN - PREMEDIACIÓN :

Neste espazo o propio titor e os seus compañeiros poderán analizar a situación do seguinte xeito:

- Descrición do conflito (feitos).
- Descrición das partes implicadas.
- Explicación dos sentimentos.
- Explicación dos intereses que pretendía.
- Explicación da posición que tomou.

Esta mediación ira seguida da fase de negociación.

C)FASE DE NEGOCIACIÓN:

Poderase desenvolver tanto na aula co titor como no espazo para a convivencia. O obxectivo desta fase é chegar a un acordo que beneficie ao alumno. Isto supón un traballo moito máis complexo, require máis tempo e implica que a figura mediadora neutral trate de axudar ás partes implicadas, propiciando actitudes de escoita activa, axudando a estruturar o proceso mediador, facilitando poñerse no lugar do outro e mediando unha comunicación asertiva.

PASOS DA MEDIACIÓN:

1. Presentación e regras de xogo: quenda de palabra, actitudes de respecto durante o diálogo, confidencialidade....
2. Cántame: fase na que cada parte expón a súa visión do conflito.

3. Aclarar o problema, buscando un consenso entre las partes nos temas importantes do conflito.
4. Proposta de solucións consensuadas que beneficien a ambas partes.
5. Os acordos deben ser equilibrados, realistas, concretos e incluírán aspectos tanto do conflito como da relación entre as partes implicadas.

Despois da sesión de mediación farase un seguimento dos acordos.

En resumo podemos dicir que:

*"En primeira instancia intervén **O TITOR como MEDIADOR** do seu grupo e pode solicitar a colaboración do orientador no caso de necesitar aplicar algunha técnica máis específica de contrato de continxencias, modificación de conduta, economía de fichas...ou simplemente de realizar a mediación fora do espazo da aula. En segunda instancia, intervén **O ORIENTADOR como MEDIADOR**.*

***Se o conflito reviste gravidade ou é reincidente trasládase a xefatura de estudos e a dirección** e comunicarase na reunión de claustro para averiguar posibles situacións reincidentes e buscar solucións proactivas que impliquen a toda a comunidade educativa. A Comisión de Convivencia tamén terá coñecemento de todas as condutas que sexan contrarias á convivencia".*

6.4. INTRODUCCIÓN DA FIGURA DE COORDINADOR/ORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA NO CENTRO.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente. As súas funcións serán as seguintes:

a) En coordinación co equipo directivo:

– Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.

– Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

– Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

– Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.

– Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

– Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

– Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

– Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

– Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.

– Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

– Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.

– Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

6.5 PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR e CIBERACOSO ESCOLAR.

Acoso escolar: Calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo recibida por un alumno ou unha alumna por parte dun, dunha ou de máis iguais, de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza.

Ciberacoso escolar: Modalidade de acoso producido a través das TRIC, como poden ser a mensaxaría instantánea, as redes sociais ou internet en xeral. Pode incluír a difusión de rumores a través da rede, a publicación de información falsa, a suplantación da identidade, o acoso sexual ou o envío de mensaxes ameazantes, humillantes ou insultantes a través de internet, creación ou publicación de información ou imaxes de carácter vexatorio a través da intelixencia artificial, entre outros comportamentos.

No caso de ter detectados indicios da existencia no noso centro, dunha posible situación de acoso escolar, é necesario coñecer cales son as medidas que deber ser adoptadas. Atendendo as *Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*, no noso centro levarase a cabo o **“Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso”** actualizado pola Xunta de Galicia en xaneiro de 2024, adaptándoo ás peculiaridades do noso alumnado. Este protocolo renóvase a partires do Plan Integral contra o Acoso e Ciberacoso Escolar (2023-2024).

Dito protocolo define as seguintes novidades:

Plan de Convivencia

a) **Constitución do Equipo ACAE** (Actuación ante o acoso escolar): xefe do DO, coordinador/a de benestar e convivencia e un docente nomeado pola dirección que será a persoa instructora do procedemento corrector.

As súas funcións son:

- Revisión diaria e filtraxe das posibles denuncias no Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar.
- Rexistro e comunicación dos feitos ante a dirección do centro educativo.
- Comprobación da veracidade dos feitos comunicados.
- Determinación da existencia de indicios de acoso.
- Apertura, de ser o caso, dunha investigación.
- Adopción, de ser necesario, de medidas inmediatas.
- Elaboración do ditame derivado da investigación.
- Apertura, se procede, do protocolo.
- Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou de representantes legais, unicamente no caso de apertura do protocolo.
- Pechamento, cando proceda, do protocolo.
- Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

b) **Creación do PUNTO LARANXA**: espazo físico e virtual onde calquera persoa coñecedora dunha situación de posible acoso poderá comunicalo.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN


PREVENCIÓN




Entre as medidas preventivas salientáanse as de carácter xeral, que van orientadas sobre todo á mellora xeral da convivencia do centro; as formativas e informativas, dirixidas á formación e á información de todas as persoas integrantes da comunidade educativa; as organizativas, que facilitan a convivencia no centro; e as de aula, que normalmente se aplican a nivel de grupo clase ou de xeito individual, a través da titoría individual, e que teñen por obxecto formar persoas críticas, responsables e comprometidas na construción de relacións persoais e


sociais xustas, igualitarias e solidarias. **(Guía para o desenvolvemento do Plan de Benestar Emocional)**





INTERVENCIÓN

Atópanse os anexos no Protocolo.

 **FASE 1. COMUNICACIÓN DOS FEITOS E PRIMEIRA VALORACIÓN**

-  *Anexo 1. Rexistro de comunicación dos feitos*
-  *Anexo 2. Constitución do equipo ACAE*
-  *Anexo 3. Primeira valoración dos feitos comunicados*

 **FASE 2. INVESTIGACIÓN E DITAME**

-  *Anexo 4. Investigación e ditame*
-  *Anexo 4.1. Entrevista coas persoas implicadas*
-  *Anexo 4.2. Datos da persoa á que se lle ofrece ser acompañante durante a entrevista*
-  *Anexo 5. Nomeamento da persoa responsable da atención á presunta vítima*



FASE 3. APERTURA DO PROTOCOLO



Anexo 6. Comunicación de apertura do protocolo de acoso e ciberacoso escolar



Anexo 7. Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais



FASE 4. PECHAMENTO DO PROTOCOLO



Anexo 8. Comunicación de pechamento do protocolo de acoso e ciberacoso escolar



FASE 5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS



Anexo 9. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

- Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar.
- Medidas urxentes de protección á presunta vítima
- Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado.
- Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación.
- Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos.

Segunda fase. Recollida de información e rexistro.

- Recollida inicial de información.

- Entrevista individual á vítima.
- Entrevista individual á/s persoa/s posible/es responsable/s do acoso.
- Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras.
- Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/es acosadora/s.
- Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro.
- Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso.

Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas. Apertura do protocolo.

- *Análise da información.*
- *Adopción de medidas educativas:*
 1. *Medidas de protección á presunta vítima.*
 2. *Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa ou persoas agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.*

Son medidas prioritarias:

- *A suspensión temporal de asistencia ao centro (ata 1 mes)*
- *Cambio de grupo.*
- *Cambio de centro.*

3. Outras medidas

Cuarta fase: Pechamento do protocolo.

Rematadas as reunións, o equipo ACAE comunicará á dirección do centro as conclusións que levan consigo o pechamento do protocolo. Dirección notificará esta situación ás familias ou representantes legais, con copia á Inspección Educativa e, de ser o caso, a outros organismos

Quinta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

As follas de seguimento serán entregadas ao finalizar o curso á dirección do centro; incluíranse no expediente do protocolo e facilitarase unha copia ao profesorado titor do alumnado implicado do curso seguinte.

6.5- OUTRAS MEDIDAS.

Levaranse a cabo outra serie de medidas para favorecer unha convivencia axeitada no centro, tendo en conta que é unha responsabilidade que ha de ser compartida por toda a comunidade educativa. Destacamos as seguintes, tendo en conta o artigo 15 do Decreto 8/2015:

- **Campañas de sensibilización** para promover unha convivencia positiva entre todos os axentes educativos.
- **Programas específicos** que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.
- **Participación en CPIInclúe** para a implementación de programas que favorezan a mellora do clima escolar, concretamente a través da modalidade **CONVIVE-T**, con medidas para o impulso da convivencia pacífica, democrática e respectuosa.
- **Actuacións e experiencias favorables á convivencia**: obradoiros, formación do profesorado, innovación educativa, transversalidade...
- **Fomento da competencia emocional** a través da adquisición de habilidades interpersonais e intrapersoais para favorecer o **benestar emocional** do alumnado, tendo en conta que este debe ser tratado como unha das liñas de impacto esenciais que debemos traballar segundo a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025.
- **Análise de boas prácticas** de outros centros educativos relacionadas coa convivencia, co obxectivo de que nos poidan aportar orientacións e estratexias para a súa implementación no noso centro.

Cómpre destacar que estas medidas están dirixidas tanto á prevención, como obxectivo preparar para xestionar os conflitos que se poidan dar no marco do centro educativo, así como da detección e eliminación de toda manifestación de actitudes e comportamentos contrarios á convivencia.

7.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

DEBERES E OBRIGAS:

No marco do establecido pola lexislación básica de educación, os membros da comunidade educativa, son titulares dos dereitos e deberes de convivencia e participación, que se regulan na Lei 4/2011.

Art. 6. Dereitos e deberes das nais e pais ou titores/titoras en relación á educación dos seus fillos:

Dereitos:

1. Ser respectados e recibir un trato axeitado polo resto da comunidade educativa.
2. Estar informados sobre o proceso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos, para o cal se lles facilitará o acceso ao profesorado e as membros dos equipos directivos do centro.
3. Recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia no centro.
4. Ser escoitados, nos termos previstos no Decreto 8/2015, nos procedementos para a imposición das medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos.
5. A participar no proceso educativo e outros procedementos de participación que estableza a Administración educativa.

Deberes:

1. Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo, en colaboración co profesorado do centro.
2. Coñecer as normas establecidas polo centro, respectalas e facelas respectar.
3. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
4. Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos.

Art. 7 Dereitos e deberes do alumnado.

Dereitos:

1. Recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. Respecto da súa identidade, integridade e dignidade persoal.
3. Protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra situacións de acosos escolar.
4. Participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración.
5. Participar na confección de normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos, e en xeral, a participar na toma de decisión do centro en materia de convivencia.

Deberes:

1. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun axeitado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación.
2. Respetar a dignidade e as funcións orientadoras do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
3. Respetar a liberdade de conciencia, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
4. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
5. Conservar e facer un bo uso das instalación e materiais do centro.
6. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro.
7. Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.
8. Asistir á clase con puntualidade e o material preciso.

Artg.8. Dereitos e deberes do profesorado.

Dereitos:

1. Ser respectado, recibir un trato axeitado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e da sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. Desenvolver a súa función docente nun ambiente axeitado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

3. Participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
4. Recoñecemento das facultades precisas para manter un axeitado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares.
5. Á protección xurídica e axeitada a súas funcións docentes.
6. Participación directa no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración.
7. Acceso a formación necesaria á atención á diversidade e na conflitividade escolar recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Deberes:

1. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Adoptar as decisión oportunas e necesarias para manter un axeitado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servizos complementarios e extraescolares.
3. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias a convivencia, e en particular, das situacións de acoso escolar.
4. Informar as nais e pais ou titores sobre o proceso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos dentro do horario establecido polo centro.

Artg.9 Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos:

Dereitos:

1. Ser respectado, recibir un trato axeitado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral.
2. Desenvolver a súas funcións nun ambiente axeitado no que se preserve en todo aso a súa integridade física e moral.
3. Participar na mellora da convivencia escolar.
4. A protección xurídica axeitada das súas funcións.

5. Participar no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

Deberes:

1. Respetar e colaborar, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoal.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia, e en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente e á Administración, das alteracións da convivencia, gardando reserva sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.
4. Gardar confidencialidade en relación as actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

7.1 SISTEMAS DE ANÁLISE DA CONVIVENCIA

Observación

Un dos sistemas que empregamos á hora de analizar a convivencia é a **observación directa**. Este instrumento permítenos a recollida de información no tocante á como se traballa en equipo, que relacións se establecen (positivas, negativas, de apoio, igualitarias, parasitarias,...) conductas, seguimento, aceptación de normas e/ou rutinas, tanto a nivel individual como colectivo, ben sexa en situacións individuais ou grupais e nos diversos espazos, proporcionándonos indicadores de competencia social (en recreos, conmemoracións do centro, saídas, charlas...).

Sociograma

Outro sistema de análise é o **sociograma**. Este permítenos valorar en pouco tempo e con gran validez as relacións entre compañeiros/as, permitindo obter información do nivel de integración do alumno/a como dos contextos nos que se desenvolve.

Co sociograma o que buscamos é indagar no grupo clase que tipo de relacións se establecen por afinidade e quen se quedan descolgados.

Enquisas de diagnose da convivencia

Dende o ano 2015 realízanse cada dous anos as **Enquisas de diagnose da convivencia escolar** dirixida ao conxunto da comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.

A análise dos resultados permitirá saber se as accións que se están levando a cabo redundan na mellora do clima escolar .

Cuestionario pictográfico sobre convivencia.

Precisase a axuda dunha persoa mediadora, aínda que se buscará dar ao alumnado a maior autonomía posible. A persoa mediadora pode ser o/a titor/a do/a alumno/a, profesorado de AL ou PT, orientador/a ou calquera outra que o centro estime. A súa función será acompañar ao alumnado que cubra esta enquisa pictográfica, facilitándolle a comprensión da mesma. Logo esta mesma persoa, cunha das claves dispoñibles para o alumnado, trasladará á aplicación as respostas no cuestionario correspondente.

7.2 NORMAS DE CONVIVENCIA (VER NOF. PAXINADO)

7.3 CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS.

✓ Conductas contrarias á convivencia

Tal e como establece o **artig. 32** do **Decreto 8/2015** os incumprimentos das normas de convivencia no noso centro serán valoradas antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias familiares, sociais e persoais derivadas da discapacidade e trastornos graves de conduta.

As condutas contrarias á convivencia clasifícanse en leves e gravemente prexudiciais.

► Conductas gravemente prexudiciais para á convivencia

Artº 38

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo **artigo 28 da Lei 4/2011**.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

Artº 39

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro

► Condutas leves contrarias á convivencia.

Artº 42

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente. Artigo 43.

Medidas correctoras das condutas leves.

Artº 42

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

➤ **Principios xerais das medidas correctoras.**

Artº 32

As correccións que haxa que aplicar polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora das relacións afectivas de todos os membros da comunidade educativa. Aplicaranse, en todo caso, os seguintes principios:

- Ningún alumno/a deberá ser privado do seu dereito á educación nin do seu dereito á escolaridade.
- Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e a dignidade persoal do alumno/a.
- A imposición das correccións previstas deberán contribuír a mellorar o desenvolvemento persoal do alumno/a.
- As persoas e/ou órganos competentes para a imposición de correccións deberán ter en conta as características persoais do alumno/a, así como as súas circunstancias familiares e sociais, antes de resolver.
- Non se procederá a impoñer as medidas correctivas sen antes recoller toda a información necesaria que axude a tipificar a conduta contraria á convivencia.

7.4 PROCEDIMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS.

Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar, en calquera actividade dentro do recinto escolar, durante a realización de actividades complementarias e extraescolares e durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar (VER ANEXO). Poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar (art.36)

7.4.1 Gradación das medidas correctoras.

Tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta.

7.4.2 Procedemento corrector das condutas gravemente prexudiciais.

- a) Disposicións xerais.**

- Art.º46. O procedemento corrector realizarase mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. Correspóndelle a dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir e informar ao profesor titor e ao Consello Escolar.
- Art.º 47. Dirección poderá acordar a apertura dun período de información previo co fin de coñecer co máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de 2 días lectivos e asesorado polo Xefe do D.O ou polo profesorado titor, o director analizará e valorará a conduta producida.
Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución a dirección poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal do grupo, na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, etc. que non será superior a 3 días lectivos.
Sempre que sexa posible deberá intentarse a conciliación entre as partes implicadas.
- Art.º 48. No prazo de tres días lectivos contados desde que se tivo coñecemento da conduta, a dirección notificaralle por escrito á/ao alumna/o e de ser menor as persoas proxenitoras e/ou titores legais e daralles a posibilidade de corrixilo mediante o procedemento conciliado.Éstes terán que comunicar por escrito á dirección a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo.
Independentemente do procedemento dirección designará un docente que actúe como instrutor/a. No NOF recolleranse os criterios para designalo.
As súas funcións serán:
 - Practicar as dilixencias pertinentes para comprobar e determinar a gravidade.
 - Custodiar os documentos.
 - Propor a dirección a adopción das medidas provisionais, as medidas correctoras, se proceden as medidas educativas reparadoras e o arquivo das actuacións se non procede corrixir a conduta.

b) Procedemento conciliado.

- Art. 49. Aplicarase se cumpren os seguintes requisitos:
 - Que o alumno/a recoñeza a gravidade da súa conduta e estea disposto/a a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras.
 - Que os demais membros afectados amosen a súa conformidade.
 - Non procederá procedemento conciliado cando:
 - A conduta ten notoria gravidade.
 - A persoa agraviada e/ou o/a alumno/a autor/a da conduta, non comunique a súa disposición á acollerse ao procedemento conciliado.
 - Xa se fixo uso deste procedemento durante o mesmo curso escolar.
- Art. 50 . Desenvolvemento:
 - Dirección convocará ao instrutor e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo, contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
 - instrutor recordarlles que están a participar nun procedemento de conciliación que aceptaron voluntariamente e polo tanto deberán acatar o acordo que se derive.
 - instrutor exporá a conduta e dará a palabra para que manifesten as súas opinións e realicen consideracións oportunas sobre a corrección.
 - A petición de desculpas será tida en conta.
 - Finalmente, as persoas participantes no procedemento acordarán a medida correctora máis adecuada, quedando constancia por escrito. O acordo será ratificado por dirección.
 - incumprimento das medidas dará lugar á corrección mediante o procedemento común.
- Art 51. No procedemento conciliado intervirá unha persoa mediadora, cuxos criterios para a súa designación estarán recollidos no NOF. Colaborará coa persoa instrutora, sendo as súas funcións:
 - Contribuír ao proceso de conciliación

- Axudar para que as partes cheguen a un entendemento.
- Apoiar o cumprimento do acordado.

c) Procedemento común.

- Artº52. Utilizarase cando o alumno/a opten por el, ou cando non sexa posible o conciliado.
- Art.º 53 Desenvolvemento:
 - A persoa responsable da tramitación será un docente designado como instrutor.
 - O instrutor deberá precisar no expediente o tipo de conduta, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.
 - Disporá de 5 días lectivos para a instrución do procedemento corrector.
 - Finalizada a instrución, formulará proposta de resolución e dará audiencia ao/a alumno/a e titores legais, convocándoos a unha comparecencia que será no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Levantarase acta.

d) Terminación do procedemento

- Art.º54. Dirección ditará resolución escrita do procedemento de corrección, vista á proposta do instrutor e deberá ter polo menos os seguintes contidos:
 - Feitos probados.
 - Circunstancias que acentúen ou atenúen a responsabilidade.
 - Medidas correctoras.
 - Posibilidade de solicitar ante o Consello Escolar, a revisión da medida imposta, no prazo de dous días lectivos.
- Dirección notificará ao alumno/a/titor legal a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial.

- Artº 56. A prescrición das condutas gravemente prexudiciais, prescriben aos catro meses e as leves, ao mes. Cando sexa unha conduta continuada, o prazo de prescrición non computará ata que ésta cese.

e) Compromisos educativos para a convivencia.

Art.º55. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se o alumno/a/titores legais asinan un compromiso educativo para a convivencia.

Este compromiso detallará a que se compromete o alumno/a, de acordo cos seus titores legais e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e modificación de condutas, podendo intervir institucións e persoas adecuadas e establecendo mecanismos de coordinación co centro educativo.

O centro poderá concretar no NOF o procedemento para acordar co alumnado corrixido.

7.5 AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

A convivencia esixe unha responsabilidade compartida para conseguir una cultura de paz no centro educativo, polo tanto son axentes co-responsables:

- A comunidade educativa (alumnado, familia).
- Persoa coordinadora de benestar e convivencia.
- Consello Escolar
- A Comisión de Convivencia
- Claustro de mestres
- Equipo directivo e,
- Os órganos de coordinación docente

A convivencia esixe unha responsabilidade compartida para conseguir unha cultura de paz no centro educativo, polo tanto son axentes co-responsables. **Ver aptdo. 10**

8.- A COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

É un órgano consultivo que se crea no seo do Consello Escolar e desempeñará as súas funcións por delegación deste, para facilitar o cumprimento das competencias en materia de convivencia escolar.

8.1 CONSTITUCIÓN:

Os integrantes da Comisión serán nomeados polo Director/a, a proposta dos colectivos representados no Consello Escolar. A Comisión de Convivencia do CEE PONTEVEDRA queda constituído polos seguintes membros:

Director/a
Xefe/a de Estudos
1 Representante dos pais/nais/titores legais
1 Representante do persoal non docente
Representantes do persoal docente (membros do Equipo de Dinamización da Convivencia Escolar)
Orientador/a

8.2 FUNCÍONS.

Entre as súas funcións están:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos
- Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia.
- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación, sempre que se poida crear.

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

A comisión de convivencia se o considera oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

8.3 ORGANIZACIÓN:

Ao principio de curso revisarase a composición da **Comisión** de Convivencia e nomearase ao seu secretario. Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre e con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario. As extraordinarias poden ser convocadas: por iniciativa propio do seu presidente/a e/ou por proposta de polo menos 1/3 dos seus membros/as.

9.- RECURSOS PARA A XESTIÓN DE CONFLITOS.

9.1 OBRADOIROS PARA A CONVIVENCIA

Instrumento destinado a resolución de conflitos entre os alumnos e ao fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación das normas.

Lugar neutral onde levar a cabo, actividades que lles axuden a:

- Tomar decisións e a actuar.

- Desenvolver a creatividade e a habilidade para buscar solucións.
- Estimular o pensamento reflexivo.
- Aprender a afrontar a realidade e as consecuencias das accións.
- Descubrir que todos podemos gañar.
- Aprender a valorarse a un mesmo e a valorar as diferenzas.

Os seus obxectivos son:

- Facilitar recursos en relación coa promoción da cultura da paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución de conflitos que puideran planearse no centro.
- Colaborar na **mediación** para la resolución pacífica dos conflitos.
- Axudarlle a adquirir unha boa disposición cara as persoas e os materiais do centro.
- Reconstruír e favorecer a autoestima e autocontrol.
- Facer de termómetro da conflitividade no centro.

Organización: neste obradoiro o alumnado vai rotando segundo estean implicados en situacións, obxecto de conflito. Poderán asistir compañeiros, que non estando implicados poden co-axudar na mediación.

9.2 AULA DE RELAXACIÓN, DEPRIVACIÓN ESTIMULAR E DESCARGA

Espazo axeitado para que o alumnado poida auto xestionarse en momentos nos que o seu estado anímico así o requira.

Relaxarse, calmarse, facilitarlle o autocontrol ou desafogar.

A aula está acolchada e conta cun saco de descarga. Úsase a petición do alumnado.

9.3 AULA de CONVIVENCIA INCLUSIVA

Aula de apoio a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata 3 días lectivos, onde /a alumno/a deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo. Profes de garda...traballos do tutor...

9.4 VIXILANTE DE CONTROL

No centro desenvolve as función de conserxe, un Oficial de Control e Vixilancia, empregado da Deputación na CIPF. Con data 22/01/2015 solicitouse ao director de Xestión da Cidade que incluíse esta nova función:

"Que ante situacións conflitivas do alumnado, colabore co persoal docente e non docente para levar a cabo medidas de contención e mediación co obxectivo de controlar e tentar modificar condutas tipificadas como gravemente prexudiciais para a convivencia e o funcionamento do centro"

Sendo dita función aprobada por Resolución presidencial do 2 de febreiro do 2015.

9.5 PROGRAMA PARA A ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

No contexto educativo, este tipo de programas pretende potenciar o contacto da persoa cos seus sentimentos, favorecendo tanto a súa identificación como a súa expresión, desenvolver e construír habilidades de comunicación, clarificar valores, saber tomar decisións, analizar a conduta, cooperar con outros, aprender a resolver conflitos e aprender a organizarse.

Establecen tres dos niveis fundamentais de actuación da titoría no centro educativo, como son:

- Ensinar a ser persoa: axudar o alumnado na construción da súa identidade persoal, fundamentalmente relacionado con facilitar a integración no grupo e o desenvolvemento persoal e afectivo de cada alumna ou alumno.
- Ensinar a comportarse: contribuír a que o alumnado mellore a súa capacidade de adaptación escolar e social, desenvolvendo actitudes positivas.
- Ensinar a convivir: desenvolver no alumnado as capacidades sociais básicas para unha boa convivencia, potenciando a organización cooperativa e o clima da aula.

As competencias socioemocionais permiten mellorar o clima de convivencia da aula, favorecer o rendemento académico e mellorar as relacións interpersoais. É necesario crer firmemente nos beneficios que ofrece este tipo de intervencións. crer en que todas as persoas poden mellorar no seu comportamento. Para iso, debe implicarse

toda a comunidade educativa. O Departamento de orientación é responsable do deseño e desenvolvemento do programa.

9.6 ESCOLA DE NAIS E PAIS e/ou AMPA

A ASOCIACIÓN DE NAIS/PAIS é un órgano que forma parte do Consello Escolar e polo tanto tamén ten a súa representación na comisión de convivencia; isto implicará, participar na aprobación e avaliación de todo o concerninte ao centro, no ámbito da convivencia. A AMPA é co-responsable na adopción de normas na contorna familiar, é un axente educativo significativo para o desenvolvemento integral dos seus fillos/as e deben contribuir ao crecemento persoal deles a través do diálogo e da educación en valores. No curso actual a AMPA está en suspensión de funcións, que prontamente se reactivará no curso 2023-2024.

A ESCOLA DE PAIS/NAIS, espazo de aprendizaxe onde o intercambio de experiencias e a reflexión colectiva se converten en ferramentas que permiten mellorar os recursos educativos. As Escolas de nais e pais son **espazos de información, formación e reflexión** dirixidos a pais e nais, familiares e docentes que se encargan da educación dos menores. É un lugar de encontro onde mediante o diálogo e a análise tentamos poñer en común diferentes puntos de vista sobre temas de interese educativo

No noso centro a creación deste órgano é difícil pola dispersión xeográfica.

É por iso que, esta función é relativamente acometida pola AMPA, realizando xuntanzas formativas, periódicas, sobre aqueles temas, que propoñen as familias.

9.7 ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN.

- Fronte aos casos de acoso, ciberacoso e intimidación entre iguais,
- Na igualdade entre homes e mulleres.
- Para evitar a discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

10.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO.

Brevemente enumeramos unha serie de iniciativas que se deben levar a cabo no centro para favorecer a convivencia. Estas iniciativas non son exclusivas de cada un dos sectores:

Convivencia e Consello Escolar (inclúe a Comisión de Convivencia):

- Fomentar a participación.
- Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia.
- Aprobar e avaliar o Plan de Convivencia.
- Resolver conflitos e impor as medidas correctoras, no caso de condutas que prexudiquen gravemente a convivencia no centro.
- Realizar o informe anual de análise da convivencia.
- Responsabilizarse dos procesos organizativos e pedagóxicos do centro.

Convivencia e Claustro:

- Propor iniciativas que melloren o funcionamento e a convivencia no centro.
- Consensuar os criterios que favorezan unha convivencia positiva e dinámicas cooperativas.
- Desenvolver un amplo plan de formación permanente no que se traballen estratexias para crear un bo clima escolar: técnicas de motivación, a intelixencia emocional, a resolución de conflitos...

Convivencia e Equipo Directivo:

- Potenciar un modelo democrático de participación e colaboración no centro, proposto no proxecto de dirección.
- Impulsar as actividades previstas no Plan de Convivencia.
- Organizar os espazos e facilitar os agrupamentos dos alumnos/as propostos pola CCP.
- Desenvolver a seu papel de líder que fomente o diálogo, o consenso e a representatividade ante outras institucións.
- Apoiar e coordinar as accións dos diferentes equipos e departamentos.
- Establecer mecanismos para detectar o deterioro das relacións de convivencia.
- Promover instrumentos para a resolución de conflitos.
- Impoñer medidas correctoras. A Xefa de Estudos terá que:

- Coordinar as actuacións establecidas no plan.
- Promover o exercicio da mediación.
- Organizar a atención educativa do alumnado o que se lle suspendese o dereito de asistencia a súa clase.

Convivencia e o DO:

- Facilitar ferramentas tanto ao profesorado como aos alumnos/as para desenvolver unha boa competencia en habilidades sociais.
- Xestionar estratexias para a mellora da autoestima e autoconceito do alumnado a través da intelixencia emocional.

Convivencia e persoal docente:

- Traballar a titorización para favorecer nos nosos alumnos/as o autoconhecimento, a identificación das súas emocións e estratexias para a súa xestión, as relacións interpersoais e a resolución dos conflitos mediante o diálogo.
- Planificar a acción educativa, programar as sesións.
- Dinamizar a participación dos alumnos/as nas diferentes actividades.
- Dar instrucións, mensaxes claras e precisas aos alumnos/as.
- Facilitar a función mediadora do mestre e darlle modelos axustados.
- Adecuarse o mestre ás necesidades do alumno/a e non ao revés.
- Consensuar cos demais mestres as liñas de actuación ante un conflito.
- Formarse en cursos, proxectos...sobre a convivencia.

Convivencia e persoal non docente:

- Intervir na adopción de pautas de intervención cos alumnos/as, en canto a súa autonomía persoal e as habilidades interaccionais.
- Difundir calquer medida, acción e programación ao persoal non docente.
- Defender ante dirección e nos órganos nos que forman parte as súas propostas.

Convivencia e familia:

- Implicarse nos órganos de decisión dos que forman parte.
- Formarse/asesorarse para colaborar na educación dos seus fillos: xornadas orientativas, propostas da ANPA, xestións admvas...
- Manter unha estreita relación co titor/a do seu fillo/a e máis mestres implicados.

11.- DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O Plan de Convivencia unha vez aprobado polo Consello Escolar, pasará a formar parte dos documentos vitais do centro; terá unha vixencia anual, durante a cal, promoverase a súa difusión entre a comunidade educativa e faranse as correspondentes modificacións, concrecións e avaliacións anuais para a PXA. Será función da Comisión de Convivencia levar a cabo o seguimento do cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan. Para facilitar a avaliación da convivencia anual aconséllase pasar sinxelos cuestionarios a toda a comunidade educativa (ver anexos), así como tamén é preciso levar un rexistro de incidencias relacionadas coas situacións conflitivas que esixan a intervención da mediación. Estes instrumentos facilitarán a elaboración do Informe de Análise Anual da Conflitividade.

DISPOSICIÓN FINAL


O presente documento PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR do CEE PONTEVEDRA foi informado no Claustro do 29 de xuño, dando conta ao Consello Escolar do centro para a súa avaliación, na mesma data. Terá unha validez de catro anos e revisarse anualmente na PXA.

Vº e Prace

A Directora



A Secretaria



Asdo. Paula García Bóveda

Asdo. Amelia Otero López

ANEXOS

- I. RETOS ESTRATÉXICOS E EIXES DE TRABALLO (Estratexia convivencia 2025)
- II. EXEMPLO DE SOCIOGRAMA
- III. ENQUISAS AVALIACIÓN CONVIVENCIA
- IV. RELACIÓN DE PROTOCOLOS.
- V. PROCEDIMENTO CORRECTOR. MODELOS.
- VI. Outros referentes: Plan hábitos saudables, Plan Igualdade e programa de HHSS (resumo breve, ver plans e na PXA)

Anexo I. Retos estratexicos e eixes de traballo (estratexia convivencia 2025)

O paradigma da non-violencia é o único que nos permite progresar como sociedade, cooperar, mudar dificultades por oportunidades e respectar os dereitos das persoas. Aprender a resolver conflitos, garantir a seguridade e vivir en paz constitúe un desafío social e educativo. Con estas premisas, a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 propónse os seguintes retos:

» Consolidar a **convivencia positiva nas aulas**, que garanta os dereitos e a dignidade de todas e cada unha das persoas baixo un paraugas de respecto e equidade. Aprender a vivir xuntos é un dos piares da educación do século XXI polo que a escola debe establecerse como un contexto de igualdade e cooperación.

» Desenvolver unha planificación baseada na mellor evidencia científica dispoñible e sostible en consonancia cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS, 2030) e suficientemente permeable para permanecer sempre adaptada á **innovación educativa** en materia de convivencia escolar.

» Potenciar a **consideración do alumnado como o eixe central** das nosas actuacións para incrementar o seu compromiso, e dicir, a súa conexión, participación e implicación no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

» Avanzar cara a unha **perspectiva ecolóxica** da convivencia, partindo do desenvolvemento humano como unha rede de interaccións que debemos considerar e sobre as que intervir para acadar con éxito os logros marcados. A coordinación, a **colaboración** e o traballo en rede serán piares fundamentais desta perspectiva.

» Loitar contra o **acoso escolar e o ciberacoso** entendendo estes como fenómenos interrelacionados, reforzando as ferramentas de prevención, provención e detección, así como o seguimento individualizado do alumnado. A tolerancia cero cara ao acoso escolar e o ciberacoso debe ser a mensaxe firme a transmitir por todas as persoas que forman parte da comunidade educativa.

» Transmitir a **tolerancia cero** contra a violencia de xénero e a LGTBIfobia co fin de acadar que os centros educativos sexan espazos seguros e transmitan a mensaxe de constituír un lugar de acollida para todo o alumnado no conxunto da súa diversidade.

» Poñer en marcha **programas de innovación educativa** que reforcen os principios da coeducación e que actúen na transformación social dos centros e da comunidade educativa impulsando un cambio que favoreza a construción dunha cidadanía democrática, solidaria, tolerante e igualitaria que sexa quen de superar calquera tipo de discriminación.

» Impulsar a **cultura da provención** que asuma o conflito como oportunidade e a convivencia escolar como medio para a transformación e mellora persoal e social.

» Avanzar en consonancia á **transformación dixital** e aos espazos emerxentes de convivencia e relación social. Resulta preciso formar persoas con **competencias** para iniciar e manter relacións sas en contornas dixitais (ciberconvivencia) e para exercer de forma responsable e crítica a **cidadanía dixital**.

» Dotar á comunidade educativa de **estratexias e recursos** que contribúan ao coidado do equilibrio e benestar emocional dentro dunha contorna participativa, de comunicación e apoio.

» Especializar as accións de **formación permanente** no ámbito do benestar emocional, a convivencia e a coeducación.

A estratexia concrétase arredor de 4 eixes:

- EIXE I Avance da **convivencia positiva** como estilo educativo do centro.
- EIXE II Impulso da **formación integral** da comunidade educativa para o exercicio dunha cidadanía dixital, ética, segura e responsable.
- EIXE III Fomento da **competencia emocional** na comunidade educativa.
- EIXE IV Reforzo dunha **convivencia equitativa, inclusiva e con perspectiva de xénero**.

Para abordar estas prioridades requírense accións coordinadas que actúen sobre:



ALUMNADO

- » Contribuíndo ao seu desenvolvemento integral (cognitivo, persoal, social e emocional) coa posta en marcha de programas educativos específicos.
- » Apoiando a súa formación na cultura de paz, no respecto á diversidade inherente ao ser humano, a empatía e os hábitos de vida saudables e sostibles.
- » Potenciando situacións de aprendizaxe que axuden á súa formación dunha cidadanía autónoma, crítica, responsable e comprometida tanto coa realidade física como virtual.
- » Acompañando a súa aprendizaxe permanente ao longo da vida e a súa integración nunha sociedade vulnerable despois da crise sanitaria da COVID-19.

PROFESORADO

- » Impulsando e desenvolvendo a formación do profesorado contribuíndo á súa alta especialización nos principios da convivencia escolar e da coeducación.
- » Proporcionando recursos e ferramentas de apoio para a xestión da convivencia escolar e para a integración da mesma no deseño e desenvolvemento curricular.

CENTROS EDUCATIVOS

- » Facilitando os recursos necesarios para que os procesos educativos en materia de convivencia escolar e coeducación muden ao ritmo das necesidades sociais, apostando por un cambio de paradigma da xestión da convivencia.
- » Proporcionando un marco estratéxico de actuación que permita mellorar os seus Plans de Convivencia e adecualos á innovación e a investigación en materia de convivencia escolar e coeducación.
- » Poñendo a súa disposición asesoramento especializado e recursos de apoio que lles permita situarse sempre na liña da mellora da convivencia escolar e do clima de centro.

» Impulsando accións conxuntas con outras institucións e organismos que redunden na mellora da convivencia escolar.

FAMILIAS

» Promovendo a implicación das familias no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos e das súas fillas.

» Consolidando as estruturas de participación das familias no centro educativo co obxectivo de que se sintan parte del.

» Ofrecendo formación especializada en materia de convivencia e coeducación, con especial atención á formación en materia de habilidades relacionais.

Anexo II. Exemplo de Sociograma

SOCIOGRAMA

A que compañeir@ elixirías para traballar? Por que?

Con que compañeir@ non che gustaría traballar? Por que?

Nomea a dous compañeiros cos que che gustaría compartir o recreo.

Anexo III. Enquisas sobre a convivencia

ENQUISA SOBRE A CONVIVENCIA PARA ALUMNAS Y ALUMNOS.

CONTESTA AS SIGUIENTES PREGUNTAS: Marca cun X

1. A miña relación co meu titor/a é...

Moi boa	Boa	Regular	Mala
---------	-----	---------	------

2. Eu son respectuoso cos mestres, coidadoras e o conserxe.

Sempre	As veces, depende.	Con ningún
--------	--------------------	------------

3. No colexio teño bos compañeiros/as.

Moitos	Sí, algúns	Moi poucos	Ningún
--------	------------	------------	--------

4. Coido do material e as instalacións do centro.

Sempre		Bastantes veces	Poucas veces	Nunca
--------	--	-----------------	--------------	-------

5. Respecto as normas do centro.

Sempre	Bastantes veces	Poucas veces	Nunca
--------	-----------------	--------------	-------

6. Tense en conta as nosas propostas nas actividades.

Sempre	Bastantes veces	Poucas veces	Nunca
--------	-----------------	--------------	-------

7. No colexio me sinto...

Moi ben	Ben	Regular	Mal
---------	-----	---------	-----

8. Os mestres trátannos con respecto.

Sempre	As veces	Uns sí e outros non	Poucas veces
--------	----------	---------------------	--------------

9. Prefiro resolver os meus problemas cos demais...

Falando	Con axuda dos mestres	Dame igual
---------	-----------------------	------------

MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN!

ENQUISA SOBRE A CONVIVENCIA PARA DOCENTES

CONTESTA AS SIGUIENTES PREGUNTAS: Marca cun X

1. Existe unha actitude de respecto mutuo entre o profesorado.

Sempre	Unhas veces sí, outras	Moi poucas veces	Nunca
--------	------------------------	------------------	-------

2. Os profesores traballan coordinadamente en equipo.

Sempre	Bastantes veces	Poucas veces	Nunca
--------	-----------------	--------------	-------

3. Na toma de decisións nos claustros búscase habitualmente o consenso.

Sempre	Bastantes veces	Poucas veces	Nunca
--------	-----------------	--------------	-------

4. Nos problemas de convivencia no centro a familia...

Responde moi ben	Unhas veces cooperan outras non.	Pasa do tema	Complican as cousas.
------------------	----------------------------------	--------------	----------------------

5. Existe unha actitude de respecto mutuo entre o profesorado e os alumnos.

Sempre	A maioría das veces	Uns sí e outros non	Moi poucas veces
--------	---------------------	---------------------	------------------

6. O alumno participa activamente na organización das actividades de clase.

Sempre	Bastantes veces	Poucas veces	Nunca
--------	-----------------	--------------	-------

7. Consideras que "a mediación" na resolución de conflitos é

Moi efectiva	Efectiva	Algo efectiva	Inútil
--------------	----------	---------------	--------

8. En xeral, os alumnos/as respectan as normas do centro.

Sempre	Unhas veces sí, outras	Moi poucas veces	Nunca
--------	------------------------	------------------	-------

9. A túa relación co persoal non docente é...

Moi boa	Boa	Regular	Mala
---------	-----	---------	------

10. Neste centro sintome...

Moi a gusto	Bastante a gusto	Algo a disgusto	Moi a disgusto
-------------	------------------	-----------------	----------------

Os principais conflitos que observas son:

--

Mellorarías

--

MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN!

ENQUISA SOBRE A CONVIVENCIA PARA PERSONAL NON DOCENTE.

CONTESTA AS SIGUIENTES PREGUNTAS: Marca cun X

1. Os alumnos trátanme con respecto.

Sempre	Unhas veces sí, outras non	Moi poucas veces	Nunca
--------	-------------------------------	------------------	-------

2. A miña relación cos alumnos é...

Moi boa	Boa	Regular	Mala
---------	-----	---------	------

3. En xeral, a miña relación cos meus compañeiros do centro é...

Moi boa	Boa	Regular	Mala
---------	-----	---------	------

4. Coñezo as normas de funcionamento e convivencia do centro.

Moito	Bastante	Teño idea	Moi pouco
-------	----------	-----------	-----------

5. En xeral, os alumnos respectan as normas do centro.

Sempre	Bastantes veces	Poucas veces	Nunca
--------	-----------------	--------------	-------

6. Observo que no centro hai interese polos problemas dos alumnos.

Moito	Bastante	Moi pouco	Non interesan
-------	----------	-----------	---------------

7. Neste centro síntome...

Moi a gusto	Bastante a gusto	Algo a disgusto	Moi a disgusto
-------------	------------------	-----------------	----------------

8. Cando un alumno que coñezo ten un problema os profesores me teñen en conta.

Sempre	Con moita frecuencia	Case nunca	Nunca
--------	----------------------	------------	-------

9. Consideras que “a mediación” na resolución de conflitos é

Moi efectiva	Efectiva	Algo efectiva	Inútil
--------------	----------	---------------	--------

Os principais conflitos que observas son:

--

Mellorarías:

--

MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN!

ENQUIA SOBRE CONVIVENCIA PARA PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS.

CONTESTA AS SIGUIENTES PREGUNTAS: Marca cun X

1. Meu fillo vai ao colegio...

Moi a gusto	Bastante a gusto	Algo a disgusto	A disgusto
-------------	------------------	-----------------	------------

2. Respeto aos seus profesores/as en xeral está...

Moi contento	Bastante contento	Algo descontento	Descontento
--------------	-------------------	------------------	-------------

3. Respeto aos seus compañeiros, creo que...

Ten moitos amigos	Ten algúns amigos	Ten algúns problema	Cústalle ter amigos
-------------------	-------------------	---------------------	---------------------

4. Nós, estamos co centro...

Moi a gusto	Bastante a gusto	Algo a disgusto	A disgusto
-------------	------------------	-----------------	------------

5. Temos información de cómo vai o noso fillo.

Con moita frecuencia	Algunhas veces	Poucas veces	Case nunca
----------------------	----------------	--------------	------------

6. Os pais somos invitados a participar nas actividades do centro...

Con moita frecuencia	Algunhas veces	Poucas veces	Case nunca
----------------------	----------------	--------------	------------

7. Coñezo as normas de organización do centro.

Totalmente	So en parte	Teño idea	Moi pouco
------------	-------------	-----------	-----------

8. Teño coñecemento sobre como vai a convivencia no centro porque...

Mo conta meu fillo	Mo conta o titor	Mo contan outros (ANPA)	Non teño información
--------------------	------------------	-------------------------	----------------------

9. Ao longo dun curso adoito ir a titoría

Con frecuencia	Entre 5 e 3 veces	Unha ou dúas veces	Nunca vou
----------------	-------------------	--------------------	-----------

10. Participo nas actividades que fai a ANPA.

Con moita frecuencia	Algunhas veces	Poucas veces	Case nunca
----------------------	----------------	--------------	------------

FAGA AS OBSERVACIÓNS QUE QUEIRA

--

MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN!

Anexo IV. RELACIÓN DE PROTOCOLOS

- PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO
- PROTOCOLO DE PREVENCIÓN NOS ÁMBITOS SANITARIO E EDUCATIVO ANTE O RISCO SUICIDA INFANTO-XUVENIL.
- PROTOCOLO VIOLENCIA DE XÉNERO (Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo)
- PROTOCOLO PARA A INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA DA DISLEXIA E OUTRAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE.
- PROTOCOLO DE URXENCIAS SANITARIAS E ENFERMIDADE CRÓNICA. ADDENDA DE DIABETE.
- PROTOCOLO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO
- PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR
- PROTOCOLO PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA DE ALUMNADO CON SÍNDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL
- PROTOCOLO DE ATENCIÓN HOSPITALARIA Y DOMICILIARIA
- PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DETECCIÓN E ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA NO ÁMBITO EDUCATIVO
- PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DE DATOS
- PROTOCOLO PARA ALUMNADO CON DISCAPACIDADE AUDITIVA
- PROTOCOLO PARA GARANTIR A IGUALDADE, A NON DISCRIMINACIÓN Y A LIBERDADE DE IDENTIDADE DE XÉNERO
- PROTOCOLO PARA O TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA. TEA
- PROTOCOLO SOBRE TDAH

Anexo V. Procedemento corrector. Modelos

Relación de Modelos Normalizados do Procedemento Corrector de Condutas contrarias á convivencia. REMITIRSE A DOCUMENTO PERSONALIZADO DO CEE.

1. DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR O POSIBLE CÓMPUTO DE CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA PARA OS EFECTOS DE DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN
2. RESOLUCIÓN SOBRE O CÓMPUTO DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA PARA OS EFECTOS DE DETERMINACIÓN DE REITERACIÓN
3. ALEGACIONES ANTE MEDIDAS CORRECTORAS G) E H) DE CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DE CARÁCTER LEVE
4. RESOLUCIÓN SOBRE REVISIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA
5. COMUNICACIÓN DUNHA POSIBLE CONDUCTA GRAVEMENTE PREXUDICIAL PARA A CONVIVENCIA
6. INCOACIÓN DE PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS
7. RECUSACIÓN DA PERSOA INSTRUTORA
8. ABSTENCIÓN DA PERSOA INSTRUTORA
9. RATIFICACIÓN OU REVISIÓN DA PERSOA INSTRUTORA
10. PROCEDEMENTO CONCILIADO: ACEPTACIÓN E CITACIÓN
 - 10a. Aceptación do procedemento conciliado e citación
 - 10b. Citación á reunión de conciliación da persoa mediadora
 - 10c. Citación á reunión de conciliación da persoa instrutora
11. COMUNICACIÓN SOBRE TRAMITACIÓN DE PROCEDEMENTO CORRECTOR POLO PROCEDEMENTO COMÚN
12. ACTA DA REUNIÓN DE CONCILIACIÓN CON ACORDOS
13. ACTA DA REUNIÓN DE CONCILIACIÓN SEN ACORDOS

- 14. FIN DE PROCEDEMENTO CONCILIADO POR INCUMPRIMENTO E PASO A PROCEDEMENTO COMÚN**
- 15. FIN DE PROCEDEMENTO CONCILIADO E ARQUIVO**
- 16. MEDIDAS PROVISIONAIS**
 - 16a.** Proposta á dirección de medidas provisionais
 - 16b.** Resolución sobre medidas provisionais
- 17. CITACIÓN A ENTREVISTA**
- 18. ENTREVISTA, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E AUDIENCIA**
 - 18a.** Acta de entrevista
 - 18b.** Proposta de resolución
 - 18c.** Citación para trámite de audiencia
- 19. ACTA DE AUDIENCIA DE PROCEDEMENTO CORRECTOR**
- 20. TRASLADO DA INSTRUCIÓN E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN Á DIRECCIÓN**
- 21. INSTRUCIÓN COMPLEMENTARIA**
 - 21a.** Citación a entrevistas para instrución complementaria
 - 21b.** Acta de entrevistas complementarias
 - 21c.** Citación a trámite de audiencia complementario
 - 21d.** Acta do trámite de audiencia complementario
- 22. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO CORRECTOR**
 - 22a.** Resolución do procedemento corrector
 - 22b.** Proposta de resolución de cambio de centro
- 23. TRÁMITE DE CAMBIO DE CENTRO**
 - 23a.** Solicitud de autorización de cambio de centro
 - 23b.** Resolución de cambio de centro
- 24. ALEGACIÓNS E SOLICITUDE DE REVISIÓN DE MEDIDAS IMPOSTAS EN PROCEDEMENTO CORRECTOR**

25. RESOLUCIÓN SOBRE REVISIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREJUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

26. SUSPENSIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS POR COMPROMISO EDUCATIVO

PARTES DE INCIDENCIA ELABORADOS POLO CENTRO

PARTE DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA NO CEE PONTEVEDRA

DATOS DO ALUMNADO

APELIDOS E NOME:

EDAD:

GRUPO:

DATOS DO PROFESORADO OU PERSOAL NON DOCENTE

APELIDOS E NOME:

INCIDENCIA

LUGAR:

DATA:

HORA:

Conduta contraria a convivencia tipificadas nos apartados:

Medidas correctoras levadas a cabo, apartados:

Outras medidas:

ACTITUDE AMOSADA: *Positiva, Negativa, Reflexiva...*

DESCRICIÓN DA INCIDENCIA

A xefa de estudos,

V. e pr. a directora,

Asdo. Guadalupe Calviño Vázquez

Asdo. Paula C. García Bóveda

A docente,

Asdo.:



DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 42. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS A CONVIVENCIA

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa que non alcancen gravidade
- b) Os actos de discriminación contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade física, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social que non alcancen gravidade.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que non alcancen gravidade.
- d) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- e) Os danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción e que non alcancen gravidade.
- f) Os actos inxustificadas que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- g) As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas e que non alcancen gravidade.
- h) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- i) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Artigo 43. MEDIDAS CORRECTORAS

- A) Amoestación privada ou por escrito.
- B) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes.
- C) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- D) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- E) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- F) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- G) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. (Aula 2A).
- H) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

g) e h), os representantes legais dos menores poderán mostrar o seu desacordo coa aplicación das mesmas, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido a dirección do centro, que despois de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará o rectificará a medida correctora

*Artigo 35. Reparación de danos causados

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, as instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

*Artigo 36. Ámbito de corrección

Deben corrixiirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenrole dentro do recinto escolar o durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se tagan fora do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

*Artigo 41. Aplicación das medidas correctoras

2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitido/a nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignara por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.



PARTE DE CONDUCTAS GRAVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA NO CEE PONTEVEDRA

DATOS DO ALUMNADO

APELIDOS E NOME:

EDAD:

GRUPO:

DATOS DO PROFESORADO OU PERSOAL NON DOCENTE

APELIDOS E NOME:

INCIDENCIA

LUGAR:

DATA:

HORA:

Conduta contraria a convivencia tipificadas nos apartados:

Medidas correctoras levadas a cabo, apartados:

Outras medidas: Diálogo, Conciliación

PROCEDEMENTO (5 días)

CONCILIADO (Artigos 49, 50, 51.)

COMÚN (Artigos 52, 53.)

DOCENTE INSTRUTOR/A DO PROCEDEMENTO:

DESCRICIÓN DA INCIDENCIA

A xefa de estudos

Docente instrutor/a

Asdo. Guadalupe Margarita Calviño Vázquez

Asdo.

A directors,

Asdo. Paula García Bóveda



DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 38. CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. (*Artigo 39.2)
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas

Artigo 39. MEDIDAS CORRECTORAS

- A) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- B) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- C) Cambio de grupo.
- D) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. (Aula 2A)
- E) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes (incoación de expediente disciplinario). Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- F) Cambio de centro (excepcionalmente). (Artigo 40).

*Artigo 39.2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas E) ou F) do punto primeiro deste artigo.

**Artigo 39. Reparación de danos causados

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

**Artigo 41. Aplicación das medidas correctoras

2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitido/a nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedicho cambio na súa actitude e na súa conduta.

Anexo VI: Outros referentes

▪ PLAN DE HÁBITOS SAUDABLES (Recollido na PXA anual)

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Adquirir hábitos que favorezan un adecuado bienestar físico, mental e social para o desenvolvemento persoal.</i> ▪ <i>Promover hábitos que conleven unha alimentación sa e equilibrada, a realización de actividade físico-deportiva adecuada ao alumno/a e o desempeño diario de hábitos de hixiene persoal.</i> ▪ <i>Implicar ás familias neste Plan seguindo estratexias comúns.</i> ▪ <i>Fomentar condutas saudables e preventivas, entre o alumnado adolescente.</i>
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Aumentar os coñecementos sobre temas de saúde.</i> ▪ <i>Qué é unha dieta equilibrada. Tipos de dietas existentes</i> ▪ <i>Beneficios dunha hixiene corporal positiva.</i> ▪ <i>Malos hábitos na alimentación. Crenzas falsas.</i> ▪ <i>O exercicio saúdable.</i> ▪ <i>Deporte cooperativo fronte a deporte competitivo.</i>
Accións	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Charlas cun profesional nutricionista.</i> ▪ <i>Merendas saudables.</i> ▪ <i>Obradoiros prácticos de menús.</i> ▪ <i>Visita a unha entidade deportiva.</i>
<p><i>A desenvolver ao longo do curso nos contidos do PF de Restauración, no Obradoiro de Autonomía e cociña, así como todas aquelas actividades que xurdan puntualmente.</i></p>	

▪ PLAN DE IGUALDADE (aprobado o 27/01/2020)

Por que un Plan de Igualdade?. A educación integral das persoas implica a adquisición dun conxunto de competencias básicas de tipo cognitivo, emocional e ético. Á necesidade de educar en habilidades e coñecementos súmase a de educar para unha mellor calidade de vida e para encher esta de sentido moral. As condutas sociais confórmanse en diferentes espazos e ámbitos: a escola, a familia, os medios de comunicación, etc.. Ao longo deste proceso de socialización e pasando por diferentes etapas, os nenos e as nenas, despois adolescentes, asumen diversos roles e valores que potencian o desenvolvemento de diferentes capacidades en función do sexo. O sistema educativo debe eliminar os estereotipos sociais relativos ao rol de mulleres e homes, permitindo un desenvolvemento máis equilibrado e libre da personalidade así como o acceso ás mesmas oportunidades, axudando a construír relacións entre os sexos baseadas no respecto e impulsando a participación de mulleres e homes en todos os espazos da sociedade.

A violencia contra as mulleres é un problema social que require unha rápida intervención pública. Ademais nos últimos anos está aumentando nos e nas adolescentes, polo que é claro e palpable que a prevención non foi suficiente. Esta prevención debe realizarse dende os primeiros anos dos nenos e das nenas, pero tamen debe ser contínua e con máis necesidade tamén para as persoas con discapacidade, moitas veces foco desta discriminación e violencia.

A educación para a igualdade soamente será posible cando a metodoloxía sexa aberta, creativa, crítica e flexible e que da cabida a unha educación emocional en valores. Centrada, no fomento de traballo en grupo, o diálogo, as relacións afectivas, a resolución de conflitos, o respecto, a cooperación e facendo fincapé na toma de conciencia de que todos e todas temos dereito ás mesmas oportunidades.

- **PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS** (elaborado no ano 2020, recolle tanto a avaliación das interaccións sociais que se establecen no centro, un programa de entrenamento en dinámicas facilitadoras do establecemento de relacións interpersoais e un paquete de sesións de traballo.